

O CANDIL

Maio 1997

Nº 13



CÓNTAME UN CONTO
(III CONCURSO DE CONTOS)

Por terceiro ano consecutivo e co gallo do **Día das LETRAS GALEGAS de 1997** os **alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu** (Pontevedra), sacamos á rúa o **III CONCURSO DE CONTOS** para celebralo dun xeito moi especial. Por primeira vez invitamos a tódolos Colexios do Morrazo. Os centros que enviaron contos foron oito, dos concellos de Bueu, Cangas, Moaña e Marín. A participación de tódolos xeitos foi numerosa, concursando de forma voluntaria máis de cincocentos alumnos, ós que dende aquí lle damo-las gracias .

O debuxo que acompaña ós contos son do mesmo autor (excepto nun caso que o orixinal é de ordenador) .

Unha vez máis o Colexio Público de Bueu quere dar un sinxelo agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen eles seríanos moi difícil poder realizar este tipo de traballos; hoxe un recoñecemento moi especial a tódolos mestres/as do Colexio Sequelo e A Laxe de Marín, A Guía e Reibón de Moaña, A Rúa de Cangas, Colexio de Beluso e Virxe Milagrosa de Bueu, e a tódolo o alumnado participante neste III Concurso de Contos.

***Realidades soamente alcanzables
a través de persoeiros, bastións de infancia,
que mesturan ancestrais vivencias
nunha apócima que se amosa de inocencia***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
Colaboran: Profesorado e alumnado do Colexio Público de Bueu
Equipo de Normalización Lingüística
Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño Meira e Xosé L. Fdez. Aldegunde
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
Dep. Legal: PO-2-96
ISSN : 1137-1994

1º PREMIO Categoría A (1º-2º E. Primaria)

PEPE CHEGA AS NUBES

ALEJANDRO FONTÁN (2º nivel) Colexio Público de Buen

¡Ola! Chámome Alex, o conto que vou a escribir contoumo miña avoa unha tarde mentras estabamos a pegar cromos. E di así...

Érase unha vez un neno que se chamaba, Pepe, tiña oito anos e gustáballe moito viaxar e ver cousas novas. Un día polas doce da noite foron a unha festa, montou en moitos aparellos coma nos cabalos, nos 'columpios', e no dragón. Tamén lle mercaron un globo que era tan grande que Pepe flotaba con el, e empezou a subir e a subir ata que chegou ás nubes. Pepe berraba ¡Socorro! ¡Socorro!. De súpeto unha gaivota estoupoulle o globo dun peteirazo e Pepe caiu enriba dunha nube.

Pepe quería baixar pero tiña medo de morrer. Entón púxose a pensar mentras empezou a chover. E a nube onde Pepe estaba sentado íase facendo cada vez máis pequena. Saíu o sol por detrás da nube e formouse o arco da vella.

Pepe non o pensou máis e, coma se fose un tobogán, botouse polo arco da vella e chegou ó parque onde atopou ós seus amigos e todos xuntos, contentos foron para a casa.



2º PREMIO Categoría A (1º-2º E. Primaria)

O CROCODRILO CHORÓN

VÍCTOR DURAN CABANELAS (2º nivel) Colexio Público de Buen

Había un crocodilo que vivía nun lago, chamábase Codilo, e sempre que os animais facían unha carreira, Codilo gañaba.

Un día, nunha carreira importante, Codilo perdeu porque un participante lle puxo a ‘zancadilla’ e non puido seguir correndo. Pero el non se rendeu e intentou correr na segunda carreira.

Pola noite coa dor que tiña Codilo escomenzou a chorar e como non paraba de chorar todos lle chamaban o Crocodilo Chorón. Ó seguirlle a dor tivo que ir ó médico que lle receitou deixar de correr xa que precisaba moito descanso.

Codilo fíxolle caso ó médico e ós poucos días xa non tiña dor. Pero como estaba triste por non correr, Codilo seguiu chorando. Tódolos seus amigos estaban fartos de oílo chorar e cavilaron en regalarlle unha copa unha placa que dicía: ‘Ó crocodilo campión’.

Así foi como deixou de chorar e todos lle chamaron ‘Crocodrilo campión’.



3º PREMIO Categoría A (1º-2º E. Primaria)

A NENA QUE SEMPRE AXUDOU A SEU PAI

MÓNICA SOBRAL SAMPEDRO (1º nivel) Colexio Público de Bueu

Había unha vez unha nena moi boa, que sempre axudaba a seu pai. Unha vez o pai foi a cortar unha póla dun carballo e apareceu o lobo e quería comelo. Entón a nena sentiu chamar:

-¡Nena, nena, nena, nena, nena, ven, axúdame que me come o lobo!.

-¿ Pai onde estás?

-No monte, o lobo traboume na perna, tráeme alcohol e auga e un bocadillo de xamón.

A nena curou a seu pai con alcohol e deulle un bocadillo de xamón.

Este conto acabou para sempre



1º PREMIO Categoría B (3º-4º E. Primaria)

A ÁRBORE SOLITARIA

MARÍA PAZ ESCRIBANO (4ºE.P) Colexio Virxe Milagrosa de Buen

No bosque hai moitas árbores, moitos animais, moitas plantas..., todas son moi amigas menos unha árbore que non ten amigas porque é baixinha. A súa nai quería moito, pero, un día, cortárona uns leñadores e a súa filla quedou soa e desamparada.

Foron pasando os días, os meses, os anos, e ela ía medrando. As demais árbores seguían meténdose con ela.

Un día oíu unha voz, parecida a da súa nai, si era ela que desde o ceo lle dicía:


-¡Tranquila!, ti és a mellor de tódalas árbores, así que non lles fagas caso ás que se meten contigo porque che teñen envexa.

A árbore solitaria seguiu o consello da súa nai e non lle fixo caso a ninguén porque sabía que tiña a mellor amiga, a súa nai.

Pasou o tempo, ela converteuse na árbore máis alta e máis querida do bosque, todas lle pedían desculpas por meterse con ela.

Nomeárona a raíña da fraga e sempre que alguén tiña algún problema ía a xunto dela e solucio-nábalo.

A ÁRBORE
SOLITARIA



2º PREMIO Categoría B (3º-4º E. Primaria)

A CADELA LAIKA

AIDA FERNÁNDEZ LEBRERO (3º E.P) Colexio Público de Buen

Había unha vez unha cadela que tiña tres cadelinhas. Un día Laika que era o nome da cadela, foi dar un paseo con tres cadelos e pasárono moi ben, os nomes dos cadelos eran Tom, Oliver e Tico.

A eles gustáballe moito xogar, correr e brincar. Divertíronse moito e díxolle Laika:

- Procurade non alonxarvos moito ou senón ídesvos perder. Pero os tres cadelos non escoitaron porque polo ruído do canto dos paxaros. Os cadelos empezaron a xogar cunha pelota e esta marchoulle e foron detrás dela. Como non escoitaron a Laika marcharon. Cando ala ían dicir que foron xunto dela non estaban, e Laika gritou: ¿Onde estades?

E os cadelos non respondían e un paxaro dixo que se meteran no bosque:

-¡Gracias! e Laika marchou en busca dos tres cadelinhos.

-¡Mamá estamos aquí! e Laika escoitounos, encontrounos e volveron todos felices para a casa.



3º PREMIO Categoría B (3º-4º E. Primaria)

AS PEQUENAS PRINCESIÑAS

CRISTINA GARCÍA INSUA (3º E.P.) Colexio Público de Bueu

Había unha vez un pobo moi pequeno que lle chamaban O bosque, porque tiña bosques por tódolos lados. Nel vivían nun castelo unha raíña, un rei e as súas fillas, Katusa e Maruxa. As rapazas tiñan a idade unha 16 anos e a outra 17 anos. Xa estaban na idade de casar, entón o pai e a nai fixeron un baile invitando a todos os mozos casadeiros para elixir os que máis lles gustasen.

Cando chegou o día do baile Katusa tiña un vestido branco con adornos pequenos facendo uns debuxos na tea de raso, dunhas flores e Maruxa tiña un vestido sinxelo da cor azul do ceo, estaban moi guapas.

Cando o baile estaba no seu apoxeo apareceron dous mozos ben postos e de bo ver, as princesiñas bailaron toda a noite sen separarse unhas das outras, asa que rematou a festa.

Ó día seguinte foron os rapaces cos seus pais a pedir a man ós reis das súas fillas, e de alí a un mes casaron e foron moi felices nos seus palacios de cristal, pois os dous rapaces resultaron ser uns principiños moi ricos.



1º PREMIO Categoría C (5º-6º E. Primaria)

HISTORIAS PANTÁSTICAS

NOEMÍ IGNACIO COSTA (5º E.P.) Colexio Público de Beluso

Uxía é unha nena loura, de ollos verdes que lle encanta soñar e imaxinar cousas fantásticas. Soña cada cousa... A súa mellor amiga chámase Antía. Ela vive no 3º A do edificio Ponte Nova. Ela ten ó parque ó lado e cando vai xogar vai con Antía. Antía é veciña de Uxía. Cando vai o parque encántalle soñar e imaxinar no cabaliño, no tobogán. Ela le moito e ás veces a nai Ana ten que berrarlle porque pasa todo o día lendo e non fai os deberes:

-¿Uxía, xa fixeches os deberes?

-A, A si xa os fixen.

-Hai si.

Si, si. Adeus.

E vaise á habitación a face-los deberes. Case sempre pasa así cos rapaces coma nós pero en vez de ser por ler e por ve-la televisión, se a todos pasaranos igual... Hai tantas cousas que contar dela e tantas historias... Unha das moitas historias que me gustaron foi a do tobogán:

-¡Mamá! Dixo Uxía- vou xogar ó parque.

-Está ben.

Ela foi chamar o 3ºA, onde vive Antía.

-¡Ola! ¿Ves xogar ó parque?

-Vou, si. ¡Adeus mama! Díxolle Antía á nai.

Baixaron as escaleiras e foron ó parque.

Sentáronse na parte de arriba do tobogán e fan que falan pola radio de dous conductores de avión:

-Parece que hai un problema.

-De que se trata.

-Non temos máis combustible.

-¡Ou non!

-Temos que aterrar aquí mesmo.

E baixan polo tobogán. Cando a nai de Uxía a chama e sube.

Pero sen dúbida a historia que máis me gustou foi esta:

-Uxía -díxolle a nai- nunca fa-los deberes pola tarde.

-Esquecinme.

-Vai a túa habitación, fa-los deberes e despois dormes.

-Sí

E vaise á habitación

-¡Ai! Se vós, lapis, gomas, bolis, cores, escuadras e tesoiras podarades facerme tódolos deberes....

-¡E! oíches boli azul, di a goma.

-Oín, si.

-¿Axudámoslle?

-¡Vale!

-Ti chamas ós cores que fagan os deberes de plástico.

-Ti podes chamar ás escuadras e ós lapis e podes axudarlle a facer os deberes matemáticas eu farei a copia de Lingua.

-¡Ei! Escuadras e lapis vide facer os deberes de matemáticas.

-¡Vos! tódolos cores, ¿podedes vir axudarme?

-Goma, ¿Chamaches a todos?

-Sí

-Eu tamén

-¿Onde están os libros?

-Alí. Á dereita

-Bou facer os deberes de Lingua ¿vale?

-Si, e eu axudareille as escuadras e os lapis.

-Un rato despois....

-Xa acabaron os deberes de plástica.

-E nós, os de matemáticas.

-E eu xa fixen a copia.

Cando esperta Uxía e:

-Menos mal que todo foi un soño.

Pero... ¡os deberes estaban feitos!



2º PREMIO Categoría C (5º-6º E. Primaria)

O MOUCHO E O COMETA

J. MANUEL FERNÁNDEZ SANJORGE (6º E.P.) Colexio Virxe Milagrosa Bueu

Érase unha vez un moucho que unha noite, cando ía a comezar a súa xornada de caza, o levantar a súa cabeza viu voando polo ceo un paxaro novo. Este novo paxaro era moi estraño, pertencía a unha especie que el nunca vira antes. O paxaro tiña unha cabeza moi brillante. A súa cola era moi longa e tamén moi brillante. Outra cousa que fixo que o noso amigo se estrañara foi o feito de que o novo paxaro víase moi lonxe e moi alto no ceo, parecía estar quieto, como se non voara, só se mantivese no aire.



Prestou atención para saber como era o seu canto e a pesares de estar moito tempo atento non o oíu cantar, e entón foi cando coa linguaxe dos animais chamouno e díxolle:

- Ola paxaro brillante como te chamas

O paxaro seguía calado e sen moverse, entón o moucho volveu a repetir co seu canto característico:

-Uhh-Uhh ¡Paxaro brillante! Como te chamas, eu son o moucho e fai xa dous invernos que vivo neste soto.

A resposta do paxaro sempre era a mesma, o silencio, non cantaba nin se movía.

Confundido por este feito o moucho decidiu non prestarlle caso e seguir a súa vida normal. Como tódolos días saíu a cazar e a procurarse alimento. Mais cando se atopaba a altura dun lugar que era coñecido por tódolos animais do bosque como “o sitio dos humanos” (porque nel se reunían moitas veces homes con estraños aparatos), viu como un par de homes sacaban dunha furgoneta un aparato branco longo e cilíndrico. Namentres un dos homes o suxeitaba outro sacou da furgoneta una especie de paos de cor grisácea que apoiou no chan e sobre os que colocaron o cilindro branco. Unha vez colocado os homes

apuntaron co cilindro o ceo, cara o lugar no que se encontraba o estraño paxaro, e puxéronse a ver a través del.

O moucho que era un animal moi curioso pousouse sobre as ramas dun carballo que había alí ó lado e púxose a observar os dous homes. Entón escoitou como un deles lle dicía o outro

- Parece que se levanta unha pouca néboa, é mellor que deixemos a observación para o día seguinte. Xa te advertín que onte, no telediario, o home do tempo dixo que ás últimas horas da tarde levaríase unha néboa que non nos deixaría ver ós afeccionados á astronomía o Hale Boop. Tamén dixo que o máis probable era que mañá o tempo mellorase bastante e será posible ver á perfección o cometa.

O oír este comentario o outro home recolleu o cilindro e os paos e meteunos na furgoneta, montaron nela e fóronse.

O noso amigo quedouse inqueda preguntándose que sería aquilo do Hale Boop e sobre todo que sería eso do cometa que os homes pretendían ver. Como sabía que aquela noite non ía obter resposta a ningunha das súas preguntas decidiu volver a súa árbore, e alí permaneceu ata a noite seguinte.

Cando volveu a abri-los ollos fixouse que no ceo volvía verse aquela estraña ave, e que seguía na mesma posición que o día anterior, coa única diferenza de que parecía que tiña máis brillo, como se milleiros de avelaíñas estiveran dentro del e lle puxesen o seu brillo. Sen preocuparse mais por aquela ave, e inqueda polas interrogantes que se lle presentaran o día anterior, decidiu volver ó lugar no que aqueles homes estiveran falando o día anterior, non sen antes comer algo pois estaba esfameado.

O chegar o lugar os homes xa tiñan o aparello montado, e un deles estaba mirando a través del, como o día anterior. Pero aquel día non só estaban os homes do día anterior, con eles estaba un pequeno rapaz, que seguía continuamente a un e que non paraba de facerlles preguntas. O moucho supuxo que sería o seu fillo e achegouse máis o lugar onde estaban os homes para que a voz do rapaciño non lle impedira oír-lo que dicían os homes. Pronto encontrou resposta ás súas preguntas, cando o rapaciño lle dixo o seu pai.

- Papá, papá, eu tamén quero ve-lo cometa. A nosa mestra dixo que o Hale Boop era o cometa que mellor se ía ver na terra e que non teríamos oportunidade de velo en milleiros

de anos. Tamén nos dixo que se queríamos velo, que lle pedisemos os nosos pais que o buscasen no ceo e nolo ensinase. ¿Deixarédsmo ver?.

O home que non era o pai do rapaz contestou:

- Anda Xoán, deixa que Pepiño vexa o cometa e logo méteo na furgoneta. Que se deite alí tapado coas nosas cazadoras, xa e moi tarde e mañá ten clase.

Mentres o pai do rapaz o collía en brazos e o acercaba o cilindro o noso amigo o moucho levantou o voo e foise cara a súa árbore, reflexionando sobre todo o que aprendera durante aquela noite de caza. O estraño paxaro era un cometa que se chamaba Hale Boop e que non o valaría ver na súa vida. Por iso unha vez na súa árbore púxose a observalo con máis tempo e lanzoulle un último saúdo:

- Adeus, paxaro brillante, adeus para sempre. Cando ti volvas eu xa non estarei.

E así foi como o noso amigo o moucho se despediu daquela estraña ave que tanto tempo o tivera esperto.



3º PREMIO Categoría C (5º-6º E. Primaria)

OS AMIGOS DOS XEMELGOS

Mª DE LOS ANGELES EPIFANIO CARBALLO (6º E.P) Colexio Público A Laxe - Marín

Chegou o verán, e coma tódolos anos Xosé e Xabier foron á praia

Xosé e xabier eran dous irmáns xemelgos, eran igualiños. Non había ninguén que os diferenciase, ata a súa nai os confundía. Cando chegaron á praia marcharon lixeiriños cara á auga. Os dous puxéronse a nadar, e Xosé chegou ata unhas rochas e entre elas estaba a cría dun golfiño. Correu a dicirllo á seu irmán e os dous impresionados nadaron cara aquelas rochas a miralo de novo.

Mentres eles estaban alí abraiados mirando chegou a nai do golfiño, que sabía falar o idioma dos humanos e suplicáronlles que lle escudaran a sacar ó seu fillo de alí que quedara atrapado.

Eles encantados axudáronlles a rescatalo. No mesmo intre en que sacaron ó golfiño de alí apareceron unhas quenllas.

A nai do golfiño axudounos a escapar, por axudar ó seu fillo. Ela levounos a un sitio no fondo do mar, no que só os de limpo corazón eran capaces de respirar e eles conseguiron facelo.

Aquel sitio era fabuloso, había unha morea de golfiños, a golfiña levounos a súa casa e, como dixeran antes, sabía falar o idioma dos humanos, agradeceulle todo o que fixeron por ela e polo seu fillo.

Levounos de regreso á superficie e xogaron moitas cousas na auga: as agachadas, a pita, etc.

Cando empezou a anoitecer eles marcharon para a casa e contáronlle todo o que fixeran ós seus pais, pero non llo creron..

Os nenos non lle deron importancia e foron para a cama a durmir.



Pola mañá cando espertaron foron á escola e cando regresaron foron outra vez á praia a visita-los seus amigos.

Volveron a xogar, e xa pola noiteña díxolle a golfiña:

-Temos que irnos a outro mar, seguramente o ano que ven volveremos. ¡Adeus amigos!

Eles, claro, encariñáronse tanto que lles deu pena que se foran.

Esperaron o ano seguinte e foi verdade, regresaron e como os pais de Xabier e Xosé marcharan de vacacións, eles os dous foron vivir unha tempada cos golfiños e como eran limpos de corazón puideron respirar e foron moi felices.



1º PREMIO Categoría D (1ºESO-8ºEXB)

O PARQUE DOS PRÍNCIPES

AQUEDA RIOBO CAMPOS (8ºEXB) Colexio Público de Bueu

A fraga da Lúa estaba situada ó sur do reino de Zalemina, Nel habitaban seres de distintas formas e tamaños dende pequenos delfes ata descomunais libélulas capaces de transportar centos de diminutos gnomos. Todos vivían aparentemente felices e en harmonía nunha fraga chea de grandes árbores e campos de margaridas.


Za a chegar a primavera e con ela o gran baile que inauguraba, Tódalas fadas (que ían a ser bailarinas) estaban moi nerviosas anque a única responsable de que saíra todo ben era a propia natureza.

Colocáronse cada unha no seu lugar, incluída a pequena Ensel, orfa de pais e criada por unha rosa de outono. Despois do baile iría a vivir ós pés da Árbore de Arienta (a mais vella da Fraga de Lúa).

A cerimonia comezou cando unha pequena luzada de vento fixo que milleiros de campaiñas abanearan causando sons celestiais. Toda a fraga danzaba entre os cantos dos paxaros xunto co coro das ras. O baile remataba cando as fadas ascendían con pomposidade sobre a vizosa herba dunha auténtica mañá primaveral.

A Ensel chegoulle a hora de despedirse da súa doce madrastra. Aínda se lembraba daquela rosa de outono que acababa de engomar; a que con tanto agarimo acollera a aquela criaturiña que non sabía porque se atopaba soa no mundo. Agora estaba murcha pero seguía tendo o seu arrecendo tan doce e maternal. So tiña forza para manter catro pétalos acastañados. Ensel bicouna nun deles, no derradeiro en desprenderse. Botou unha ollada ó que fora o seu fogar e comezou a voar.

A Árbore de Ariante era frondosa e garrida. Nela vivía unha vella delfa que agora ocupábase de tódalas criaturas que por desgracia lle faltaban os seus proxenitores.



-¿Ola? ¿Hai alguén aquí? - foi o primeiro que dixo Ensel ó atoparse ante a gran árbore. Unha pequena figura sobresaía de entre as raíces do vexetal.

. Eu son Ariante, ¿quen es ti?

-Chámome Ensel e informáronme que este ía a ser o meu fogar.

Ariante indicoulle unha pequena porta entre as raíces da árbore. Ensel entrou e atopouse nunha habitación xigantesca con respecto á súa aparencia no exterior. Milleiros de pequenas fadas permanecían sentadas en longas ringleiras de bancos de cristal. Ariante presentouna ante as súas novas compañeiras. Todas elas ergueron o seu dedo meimiño como aceno de saúdo. Ensel repetiu o xesto deixando amosar unha pequena marca na xema do seu minúsculo dedo.

-¿Que tes debuxado aí?

A pequena fada estendeu a súa man e deixou ver o sinal dunha De o revés. Ariante explicoulle que ese era o símbolo da familia real do Parque dos Príncipes e que, polo tanto, aqueles serían os seus verdadeiros pais. Ensel despregou as súas ás e izouse dous metros do chan pola ledicia que sentía.

Á mañá seguinte abandonou a Árbore de Ariante e dirixiuse cara ó Norte, onde se atopaba o Parque dos Príncipes. Botouse a voar e mentres planeaba entre as pólas das árbores, pensaba nos seus pais. Pensaba se faría ben indo na súa busca e se os seus familiares a aceptarían.

Na aba dunha montaña atopábase unha estatua de pedra con forma de dragón, Ensel baixou a descansar e sentouse enriba da grande figura. O esgotamento fixo que caise nun profundo sono. Ó espertar atopouse rodeada de barrotes, como se fosa o cárcere. Centos de diminutos caracois apareceron o seu redor.

-Pero, ¿que ocorre? ¿onde estou? - dixo Ensel observando aquel lugar.

-Nós somos a tribo dos Bupi-buoi e ti es a nosa prisioneira- contestou o que debía ser o xefe, un caracol cunha cuncha moi grande e de moito colorido.- E atópaste na máis grande cidade subterránea chamada O Parque dos Caracois.

-¿O Parque dos Caracois? Entón ¿onde está O Parque dos Príncipes? - preguntou Ensel interesada.

O caracol xigante contoulle que o Parque dos Príncipes estaba xusto enriba deles, na superficie, e que se trasladara alí despois de que os reis do Parque morreran e ocupara o posto o malvado Cirac, o mellor cazador do reino.

-¿E os reis non tiñan descendencia? -dixo Ensel.

-Non, a súa única filla desaparecera sendo moi pequena- O caracol fixo unha pausa -ese Cirac botounos fóra dos nosos fogares.

Rapidamente Ensel ensinoulle o debuxo que tiña nun dos seus dedos e dixo en tono solemne:

-¡Eu son a verdadeira raíña; farei xustiza e regresaredes ós vosos fogares!

-¡É verdade! ¡Ten a marca da realeza! ¡Ela é a raíña! dixo o caracol abraiado. Liberárona de contado e dirixíronse cara o Parque dos Príncipes. Subiron centos de escaleiras ata chegar á superficie. A paisaxe era lamentable, ducias de soldados paseaban ó redor do que quedaba das árbores. Non había case ninguén, só un grupo de gnomos que, coa axuda das abellas, traballaban na fábrica de mel. As portas do palacio estaban abertas de par en par, non había ningún garda. Ensel atreveuse a entrar, un longo corredor levouna ata unha ampla sala. Alí un gran asento e descansando atopábase Cirac. Era un delfo moi corpulento e, sobre todo, dúas antenas sobresaíanlle detrás das orellas.

-¿Quen es ti? -preguntou Cirac.

-Eu son a fada Ensel.

-¿Que queres?.

-Reclamar o que é meu.

-¿O que é teu?.

-O trono do Parque dos Príncipes. Eu son a verdadeira raíña

Ensel alzou a súa man dereita e ensinoulle a súa marca. De súpeto Cirac desplomouse no chan. Ensel quedou abraiada. Logo chegou a tribo dos Bupi-Bupi e demais xente que vivía na Parque dos Príncipes. Todos a felicitaron e, por fin, fíxose xusticia, anque a pequena fada non puidera coñecer ós seus verdadeiros pais.

As árbores volveron a nacer e todo o parque se converteu nun auténtico verxel. O Parque dos Príncipes tiña raíña e Ensel tiña fogar. Os seus habitantes eran felices con todo o reino de Zalemina respirábase ledicia.

2º PREMIO Categoría D (1ºESO-8ºEXB)

UN SOÑO IMPOSIBLE

AMARANTA GARCÍA RUBAL (1ºESO) Colexio Virxe Milagrosa de Bueu

Ás veces soño e imaxino que a vida é un camiño con pedras na que a xente non deixa de caer, unha e outra vez, entón eu me digo:

Estou desexando saír a coñecer mundo, ver se na miña vida xa deixa de haber pedras, problemas e máis cousas que non me deixan andar tranquila polos longos e problemáticos camiños.

Se tivera un bolígrafo que decorara a vida, coma un mesmo quixera, na vida non habería guerras, nin outros problemas que suceden no mundo e que eu tanto odio. Todo isto cambiaríao polos países lonxanos que aínda eu non coñezo.

Se as miñas mans foran unhas garras non habería xente que fixese imposible, que te empuxa unha e sen cesar. tesoiras de brillantes e afiadas dano, xente que che fai a vida outra vez para que te vaías caendo

Se os meus ollos foran uns todos os camiños, ninguén grandes focos, que iluminen pedras, como é a droga. tropezaría nesas malditas

Se os meus ollos foran unhas grandes pinzas que poden collelo todo, collería unha por unha desas pedras, e tiraríaaas rio para que foran baixando coa forza da corrente.

Se os meus dentes foran unhas grandes trituradoras, trituraría tódolos problemas, en cachíños tan miúdos, que non se poderían xuntar.

Se todo isto pasara na miña vida, se tódolos meus soños que eu estou contando, se fixeran realidade, non tería outras palabras mais que dicir ca estas:

Pintaron en min unha bonita paisaxe.

Pero como eu sei que todo o que vos estou contando, todo é un soño, só podo pensar:

“Seguirei sendo unha folla de papel reciclado”



2º PREMIO Categoría D (1ºESO-8ºEXB)

O TESOURO DO XARDÍN

NEREA BETANCOR GONZALEZ (1ºESO) Colexio Virxe Milagrosa Bueu

O xardín da casa de Antón estaba cheíño de buratos por tódolos sitios, el e seu irmán Brais estaban a buscar lombrigas de terra.

Cando estaban a facer o burato máis grande de todos de repente atoparon algo duro e escuro, pero non era unha pedra. Sacárono do burato e descubriron que era o mapa dun tesouro enterrado nos xardíns da zona.

Foron chamar a tódolos da panda: Alexander, Ana e a súa curmá Susana, María, Uxío e mais Sabela.

Gracias a Uxío e áa súa aprendizaxe en coordenadas souberon os xardíns onde se atopaban os tesouros.

O primeiro foi moi fácil atopa-lo xa que aquela familia tiña un can grande de dentes moi ben afiados. Antón envolveuse en 7 mantas vellas da súa nai e xogou co can, máis ben pelexou mentres os demais atopaban o segundo tesouro.

O terceiro foi o máis doado de atopar, xa que estaba no xardín de Uxío.

Cando tiñan os tres tesouros, cunha agulla abríronos é; non pode ser! Un cepillo de dentes, unha pasta de dentes, un fluor e ... un consello, naquel papeliño vello había unha escritura:

*“Limpa ben os dentes, nunca te esquezas de lavalos
frota ben co cepillo enxauga ben co fluor
e sobre todo visita ó teu dentista regularmente.”*

Os nenos quedaron aparvados. Pasaron toda unha tarde buscando un gran tesouro de xoias e moedas e encontraron un consello para manter limpos os dentes.

Todo hai que recoñecelo, foron os nenos cos dentes máis limpos da vila enteira. O día non estivo desaproveitado. Limpeza amigos, limpeza.

E marcharon cavilando cada un a súa casa, cada vez mais sorprendidos polo do tesouro.